

Artigo 4º.-Comedor.

O tempo de comida computarase como tempo efectivo de traballo, comprometéndose o persoal a comer nas mesas dos usuarios do centro, exercendo nelas un labor formativo e sociabilizadora.

ANEXO III

Centro educativo Nuestra Señora de Lourdes

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Quedan afectados polo presente anexo unicamente os traballadores con categorías profesionais que se definen dentro de este anexo no artigo 4º e 5º e prestan servicios no centro de traballo denominado centro de educación especial Nuestra Señora de Lourdes sito na calle Pérez Lugín nº 10 da Coruña.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste anexo os traballadores que presten servicios en calquera outro centro de traballo de Aspronaga diferente ó citado ou, os que prestando servicios no centro de educación especial Nuestra Señora de Lourdes non estean incluídos na definición de grupos e categorías recollidos no artigo 4º do presente anexo.

Artigo 2º.-Calidade.

No centro de educación especial Nuestra Señora de Lourdes a partir da aprobación deste convenio colectivo tenderase a que o cadro de persoal do centro se vaia homologando coas dos centros públicos. Para iso a empresa, co apoio dos organismos oportunos (Fademga, sindicatos, etc.), negociará, no posible, coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a homologación das ratios de persoal de modo que, se o financiamento o permite, o centro conte co seguinte persoal:

-Ratios de persoal.

Ratio por unidade: de 7 a 9 alumnos por unidade salvo no caso que haxa alumnos/as con plurideficiencias. Neste caso a ratio será de 3 a 5 alumnos por unidade.

-Ratios de especialistas.

	Nº de alumnos	Nº profesionais
Aud. e linguaxe/logopeda	20 a 30	1
Educación física/psicomotricista	25 a 40	1
Informática	50 a 75	1
Fisioterapeutas	50 a 75	1

Artigo 3º.-Grupos e categorías.

a) Persoal docente.

-De educación especial e atención temperá.

Profesor titular e de taller.

Logopeda.

Orientador educativo.

-Outro persoal docente.

Fisioterapeuta.

Psicomotricista.

Profesor de actividades educativas extracurriculares.

Categorías funcionais-directivas-temporais.

Director.

Xefe de estudos.

Secretario.

b) Persoal auxiliar.

Axudante técnico educativo.

Artigo 4º.-Definicións profesionais.

a) Persoal docente.

-Profesor titular: é o que, reunindo as condicións e títulos académicos esixidos pola normativa vixente, exerce a súa actividade educativa, (na que se inclúe a titoría e a orientación dos alumnos), para o adecuado desenvolvemento do currículo, dentro do marco organizativo, pedagóxico e didáctico establecido pola empresa educativa, con respecto ó seu carácter propio e de acordo coa lexislación vixente.

-Logopeda: é o profesional que reunindo as condicións e títulos académicos esixidos pola normativa vixente ten como función a detección, exploración, adaptación e readaptación dos trastornos da voz, audición, fala e linguaxe.

-Profesor de taller: é quen, reunindo as condicións e títulos académicos esixidos pola normativa vixente, instrúe os alumnos nos coñecementos teóricos e prácticos correspondentes a unha ou máis tarefas dunha profesión ou oficio e, ademais, leva o inventario do material, ferramentas, útiles e materias primas, estando ó seu cargo a supervisión, conservación e mantemento deles, de forma que o seu estado responda sempre á necesidade da súa eficiente seguridade.

-Orientador educativo: é quen, coa titulación requirida pola normativa en vigor, realiza as súas funcións propias de acordo coa lexislación vixente, dentro do marco organizativo, pedagóxico e didáctico establecido pola empresa educativa, con respecto ó seu carácter propio.

-Profesor de actividades educativas extracurriculares: é quen en posesión da titulación requirida desenvolve actividades docentes ou educativas que non son avaliábeis para efectos académicos, cun ou con varios grupos de alumnos.

-Director: é quen, en posesión da titulación adecuada, é designado pola empresa ou elixido a teor do establecido na lexislación vixente, dirixe, orienta e supervisa as actividades educativas. Igualmente, realiza aquelas outras funcións que lle sexan encomendadas.

-Xefe de estudos: é quen, en posesión da titulación adecuada, é designado pola empresa. Realiza as funcións sinaladas na lexislación vixente.

-Secretario: realizará a súa función dentro dos órganos colexiados de goberno do centro. Realiza as funcións sinaladas na lexislación vixente.

b) Persoal non docente.

-Axudante técnico educativo: é o traballador que realiza funcións polivalentes desenvolvendo a súa actividade profesional en colaboración co equipo docente e multidisciplinar en tarefas auxiliares, complementarias e de apoio ó labor destas, tales como atencións básicas dos alumnos, movementos grupais, colaboración na aplicación de programas de autonomía persoal, social e prelaboral, recolla de información, cobertura e actualización da documentación académica, preparación de material docente e, en xeral, calquera outra actividade que teña como fin a seguridade, benestar e mellor aproveitamento escolar do alumno.

Artigo 5º.-Contratacións.

A contratación do profesorado titular realizarase de acordo co previsto na Lei orgánica reguladora do dereito á educación ou norma que o substitúa.

Os contratos de traballo formalizados unicamente co persoal docente baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, cando o obxecto do servizo sexa atender as necesidades educativas dun curso escolar, iniciaranse no momento da súa formalización e finalizarán na data en que oficialmente finalice o curso escolar de acordo co calendario escolar oficial.

Nos centros concertados, o profesorado en pagamento delegado contratado baixo a modalidade de contrato en prácticas, recibirá o 100% da súa retribución conforme as táboas do presente convenio, o cal queda condicionado suspensivamente a que a Administración educativa responsable do pagamento delegado se faga cargo, e sen que os centros concertados deban aboar cantidade ningunha por este concepto.

Artigo 6º.-Vacantes.

Enténdese por vacante, a situación producida no centro por baixa dun traballador como consecuencia da extinción da súa relación laboral.

1. Vacantes entre o persoal docente.

a) As vacantes que se produzan nas categorías superiores serán cubertas entre o persoal dotras categorías, combinando a capacidade, titulación e aptitude. De non existir a xuízo da empresa, persoal que reúna as condicións antes citadas, as vacantes cubriranse de acordo coa lexislación vixente en cada momento.

b) Nos niveis concertados a cobertura das IT que se produzan farase a teor do establecido na lexislación educativa.

O consello escolar do centro, á hora de cubrilas, contemplará con criterios de preferencia ós traballadores da propia empresa dentro da totalidade dos candidatos que aspiran a cubri-la dita vacante. Así mesmo, poderá contemplar como criterio preferente estar incluído na lista de recolocación de centros afectados por supresión de unidades concertadas, con titulación adecuada e cinxíndose ás categorías laborais deste anexo.

Artigo 7º.-Distribución do tempo de traballo do persoal docente.

O tempo de traballo deste persoal comprenderá horas dedicadas a actividade lectiva e horas dedicadas a actividades non lectivas. Enténdese por actividade lectiva a impartición de clases, a realización de probas escritas ou orais ós alumnos, a tutoría grupal e gardas. Na etapa de transición á vida adulta a actividade lectiva inclúe a formación en centros de traballo consistente na realización de prácticas e tutorías dos alumnos.

Enténdense por actividades non lectivas todas aquelas que teñan relación co ensino, tales como:

-A preparación de clases, as reunións de avaliación, as correccións, a preparación de traballos, as entrevistas con pais de alumnos, bibliotecas, etc.

-Durante os recreos, o profesorado estará á disposición da titularidade do centro para efectuar a vixilancia dos alumnos neles.

Para estes efectos, ó comezo de cada curso escolar, logo de consulta ós delegados de persoal, a empresa determinará o cadro horario de cada profesor con sinalamento expreso das actividades lectivas que vai desempeñar cada docente. Cando se produzan incidencias que afecten o cadro de persoal do centro, a titularidade do centro poderá modificar a distribución destas actividades en función da incidencia producida.

Artigo 8º.-Xornada do persoal docente.

A xornada anual total será de mil cento oitenta (1.180) horas, das cales se dedicarán a actividade lectiva, como máximo, oitocentas cincuenta (850) horas, dedicándose o resto a actividades non lectivas. O tempo de traballo dedicado a actividades lectivas será de vinte e cinco (25) e as non lectivas de cinco (5) horas semanais, que se distribuirán mensualmente.

A xornada laboral en xuño e setembro será de 20 horas lectivas (20) e cinco (5) non lectivas semanais (cómputo mesual). As actividades non lectivas distribuiranse ó longo do ano pola empresa de acordo cos criterios pactados entre el e os representantes dos traballadores.

Xornada do persoal que teña as categorías funcionais directivas-temporais.

O persoal que ten as categorías funcionais-directivas-temporais incrementará a súa xornada anual en ducentas dez (210) horas que deberán dedicarse á empresa no desempeño da súa función específica.

Artigo 9º.-Xornada do persoal auxiliar.

Este persoal terá a seguinte xornada: xornada semanal de 40 horas de traballo efectivo distribuídas segundo as necesidades da empresa. Do 1 de xuño ó 30 de setembro a xornada será reducida de mañá, de 32,5 horas semanais, repartidas en xornada 6,5 horas diarias de luns a venres.

O persoal ó que afecta este artigo que, por necesidades do servizo, exceda da xornada establecida anteriormente, en caso de ser necesario, poderá compensalo dito exceso con días libres que desfrutará dentro do período que vai desde a interrupción da actividade lectiva (fin de curso) ata o seu inicio en setembro.

Artigo 10º.-Vacacións.

a) Réxime xeral.

O persoal non docente ó que lle sea de aplicación este anexo terá dereito a desfrutar, cada ano completo de servizo activo, unha vacación retribuída dun mes, preferentemente en xullo e agosto. Desfrutará, ademais, distribuídos en catro períodos, dous dos cales incluírán, preferentemente, datas de Semana Santa e Nadal, ata un total de dezoito días naturais máis de vacacións ó ano. Os restantes desfrutaranse aproveitando os períodos de inactividade ou menor actividade dos servizos.

No suposto de que a suspensión do contrato por maternidade e o período de vacacións previsto no parágrafo anterior e que fose sinalado no calendario laboral coincidan en todo ou en parte, o traballador afectado e a empresa acordarán unha nova data de desfrute dos días de vacación coincidentes coa suspensión por maternidade. Este dereito non se estende ó suposto de coincidencia da suspensión por maternidade con calquera outro período de vacación ou sen actividade regulado neste convenio. En todo caso, será de aplicación a Lei de conciliación da vida familiar e laboral.

Dadas as características especiais do sector do ensino, o cómputo para determina-lo número de días de vacacións que se van desfrutar ou compensar economicamente en caso de cesamento, realizarase do 1 de setembro ó 31 de agosto e non por anos naturais.

A empresa e os traballadores poderán establecer un calendario interno de vacacións no que poderán ampliar-la duración delas, así como festas laborais e permisos especiais, salvando a debida atención dos servizos que deban funcionar.

b) Persoal docente.

Todo o persoal docente terá dereito a iniciar as súas vacacións de verán sete días naturais despois dos alumnos (nunca despois do 1 de xullo) e a reincorporarse cunha antelación de sete días naturais á data de inicio de curso dos alumnos (nunca antes do 1 de setembro). Desfrutará, ademais de tódolos períodos de inactividade do alumnado recollidos no calendario escolar de cada curso.

Artigo 11º.-Calendario laboral.

Dadas as características do sector, a empresa estará obrigada a elaborar-lo calendario laboral ó comezo do curso escolar e non ó inicio do ano natural, logo de consulta ós representantes dos traballadores, que poderán emitir un informe ó respecto. Este calendario deberá exporse en lugar visible do centro de

traballo e adaptarse, se fose necesario, ás festas laborais acordadas con posterioridade á elaboración del, polo Goberno, as comunidades autónomas e os concellos.

No calendario laboral figurarán as vacacións do persoal e os horarios de traballo, que poderán ser adaptados cada curso ás necesidades do centro.

Artigo 12º.-Retribucións.

Todo o persoal docente ó que lle sexa de aplicación o presente anexo, percibirá o soldo base e os complementos que aparecen nas táboas de centros educativos concertados.

Establécese para os traballadores ós que sexa de aplicación o parágrafo anterior e que actualmente non perciben as ditas retribucións por aplicárelas táboas xerais do convenio de Aspronaga (profesores sen pagamento delegado e orientador), o período de dez anos como prazo do proceso de homologación ás táboas salariais e os complementos fixados no parágrafo anterior, de forma que cada ano perciban como complemento salarial de equiparación do 10% da diferenza existente en cada ano, de forma que ó cabo dos dez anos se cumpra a equiparación.

Artigo 13º.-Complemento de cargo.

Os traballadores ós que se lles encomende algunha das funcións directivas (dirección, xefatura de estudos e secretaría), terán dereito, cada mes, ós complementos salariais sinalados pola Administración autonómica.

Os acordos sinalados neste artigo poderán incrementar as contías sinaladas, o cal queda condicionado suspensivamente a que a Administración educativa responsable do pagamento delegado se faga cargo, e sen que o centro deba aboar cantidade ningunha por este concepto.

Artigo 14º.-Extinción do concerto ou subvención.

Cando por calquera circunstancia o concerto ou subvención quede resolto ou en suspenso para a totalidade ou parte das unidades concertadas, o profesor afectado, de continuar na empresa, terá dereito ós salarios que lle correspondan pola aplicación das táboas salariais do presente anexo.

Artigo 15º.-Módulos económicos, garantía salarial.

Cando nos concertos ou subvencións se estableza un módulo para salarios, o centro acollido ou, se é o caso, a Administración por pagamento delegado, aboaralles ós afectados o importe do dito módulo.

Artigo 16º.-Premio por xubilación.

Establécese para o persoal docente ó que lle sexa de aplicación este anexo, un premio de xubilación de tres mensualidades polos primeiros quince anos de antigüidade e un mes máis por cada quinquenio ou fracción. Terase dereito ó dito premio por xubilación unicamente se é aboado pola Administración educativa correspondente como tal concepto, non estando a empresa obrigada a aboalo con cargo a

outros ingresos ou partidas, axudas ou concertos que puidese ter que non sexa a específica de gastos de persoal-premio de xubilación.

Artigo 17º.-Vixilancias e alimentación.

O persoal ó que lle afecte este anexo, que de mutuo acordo coa empresa utilice os servizos de alimentación aboará, como máximo, o 50% dos honorarios establecidos para as persoas con discapacidade.

A vixilancia e coidado do comedor corresponderá á comunidade educativa, sen que se compute como xornada de traballo.

O persoal docente que se faga cargo do coidado e vixilancia del, terá dereito a unha gratificación mensual proporcional ó número de traballadores que o presten e á duración do servizo.

Os axudantes técnicos educativos que presten este servizo dentro da súa propia xornada de traballo non terá dereito ó complemento, e a prestación del, non terá carácter voluntario.

O persoal que realice os labores de vixilancia e coidado do comedor, terá dereito a desfrutar gratuitamente dos servizos de alimentación.

Artigo 18º.-Formación.

O persoal docente terá dereito, dentro da súa xornada laboral, a 40 horas dedicadas á súa formación dentro do propio centro de traballo, ou a permisos para formación externa.

O persoal docente que asista a cursos de perfeccionamento, logo de permiso da empresa, terá dereito a percibi-la súa retribución durante a súa duración, sempre que a Administración educativa pague o substituto.

Artigo 19º.-Táboa salarial de aplicación ó persoal afectado por este anexo.

Categorías	Ano 2002		Ano 2003	
	Soldo	Trienio	Soldo	Trienio
* Persoal docente:				
Profesor titular/especialista	1.300,49	31,68	Segundo módulo admón.	
Profesor de taller-formación profesional	1.300,49	31,68	Segundo módulo admón.	
Psicólogo ou pedagogo (orientador)	1.405,39	50,90	1.447,56	52,43
Logopeda, profesor de apoio e titulados grao medio	1.286,29	33,98	1.324,88	35,00
Complementos salariais:				
Director			Segundo módulo admón.	
Xefe de estudos			Segundo módulo admón.	
Secretario			Segundo módulo admón.	

ANEXO IV

Centros residencias fogar Pla y Cancela e La Casa de Lamastelle

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Quedan afectados polo presente anexo unicamente os traballadores dos que as categorías profesionais

se definen dentro deste anexo no artigo 2º e prestan servizos no centro de traballo denominado residencia fogar de Pla y Cancela e residencia fogar La Casa de Lamastelle.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste anexo os traballadores que presten servizos en calquera outro centro de traballo de Aspronaga diferente ó citado ou, os que prestando servizos neles, non estean incluídos na definición de grupos e categorías recollidos no artigo 2º do presente anexo.

Ós traballadores afectados por este anexo seralles de aplicación o regulado no articulado xeral do convenio en todo aquilo que non se regule neste anexo.

Artigo 2º.-Grupos e categorías.

a) Persoal técnico de atención directa.

-Coidadores de quenda de día.

-Coidadores de quenda de noite.

b) Persoal auxiliar.

-Gobernanta de residencia.

-Persoal de servizos domésticos.

Artigo 3º.-Definicións profesionais.

As definicións profesionais das categorías indicadas no artigo anterior correspóndense coas xerais indicadas no artigo 21 do convenio xeral.

Artigo 4º.-Xornada laboral e distribución do tempo de traballo.

A xornada de traballo dos coidadores da quenda de noite está formada polo tempo de traballo efectivo e polo tempo de presenza. A xornada de traballo de todo o persoal do centro ten carácter irregular, establecéndose ó longo do ano en función das necesidades de atención ós usuarios das residencias. Esta distribución respectará, en canto ó tempo de traballo efectivo, os períodos de descanso previstos neste convenio ou, no seu defecto, os legalmente establecidos. A remuneración deste persoal efectuarase en proporción ó tempo efectivo de traballo.

Artigo 5º.-Vacacións.

O persoal desfrutará as vacacións nos períodos de menos actividade nos centros e, en todo caso, deberán coincidir con aqueles períodos de cerramento por vacacións, viaxes ou campamentos dos usuarios.

Os traballadores, preferentemente, coñecerán o seu período de vacacións conforme o establecido no texto xeral do convenio non obstante, o prazo dependerá do período de peche da residencia ou as vacacións dos usuarios.

Cando por razóns do indicado nos parágrafos anteriores, se teñan que establecer quendas de vacacións, establécese o sistema de rotación do persoal de cara a anos sucesivos.

Artigo 6º.-Calendario laboral.

Dadas as características dos centros, a empresa elaborará un calendario laboral, logo de consulta ós representantes dos traballadores. Este calendario deberá exporse en lugar visible dos centros de traballo.

No calendario laboral figurarán os períodos de vacacións do persoal e os horarios de traballo, que poderán ser variadas e adaptados en función da atención ós usuarios, logo de consulta ós representantes dos traballadores.

Artigo 7º.-Viaxes e campamentos.

Cando, a xuízo do equipo técnico, exista unha necesidade de atención en función das axudas que requira un ou máis dos usuarios que se despracen a viaxes ou campamentos, o persoal dos centros estarán dispoñibles para desprazarse ás citadas viaxes realizando as funcións de atención necesarias.

A prestación deste servizo terá carácter voluntario sempre que quede cuberto por algún dos traballadores e remunerarase da forma en que tradicionalmente se vén facendo no centro Ricardo Baró, en función do acordo entre a empresa e o comité de empresa efectuado o 17 de abril de 2002.

Cando os traballadores asistan a viaxes ou campamentos sen que o equipo técnico valorase a necesidade de axudas especiais, non se percibirá remuneración establecida no parágrafo anterior.

Cando as viaxes ou campamentos se organicen desde La Casa de Lamastelle ou residencias de Pla y Cancela, o persoal que acompañe os usuarios realizando funcións de atención terá dereito a percibirlo salario da súa categoría a xornada completa por cada día que dure a viaxe.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 6 de outubro de 2003 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes na Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións

conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anuncia-la convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela tódolos funcionarios que reúnan as condicións que para os postos de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (edificio administrativo de San Caetano nº 1, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo de solicitude que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán xuntar á súa solicitude un *currículum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada dos méritos que se aleguen.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. No caso de que resulte seleccionado para ocupar os postos de traballo dos que se anuncian no anexo I desta orde un funcionario con destino na Administración xeral do Estado, nos seus organismos autónomos, na Administración da Seguridade Social, na Administración local, ou que estea na Comunidade Autónoma como consecuencia dunha comisión de servizos concedida conforme o disposto na disposición transitoria oitava, punto 4º, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, estará condicionado a que a súa Administración emita informe favorable, considerándose favorable de non emitirse no prazo de 15 días, conforme o previsto no artigo 54 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo e demais disposicións concordantes.

Unha vez tramitado o seu traslado a esta Comunidade Autónoma procederáse a adxudicárlle-lo posto para o que sexa seleccionado. Se no prazo de 2 meses a partir da publicación no DOG, o funcionario seleccionado non se puidese incorporar á Comunidade Autónoma, considerarase deserto o posto e poderase proceder de novo á súa provisión.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG, e poderá declararse deserto o posto de traballo, se se considera oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días se o destino anterior radica na mesma localidade que a do novo destino, e dun mes, se radica en